



**CADA DOMINGO, SINTO UNHA OPRESIÓN NO
PEITO, MAREOS, DOR DE CABEZA...**

Presión comercial desmedida que choca
coa estrita normativa, risco de demandas,
deterioración paulatina da saúde...

MARCAMOS A DIFERENZA

Propoñémonos facer do «**Código Deontolóxico da Profesión Bancaria**» (elaborado por CCOO) unha ferramenta efectiva para a **defensa do cadro de persoal fronte ás presións comerciais** a que nos someten as direccións dos bancos.

Queremos establecer **mecanismos de denuncia** daqueles que nos induzan a comportamentos contrarios aos principios éticos que caracterizan a nosa profesión.

Esta presión para vender deteriorou **a saúde dos traballadores e traballadoras**. Imos traballar para aplicar en todas as entidades a sentenza que CCOO obtivo no TS, que obriga as empresas a **realizar adecuadamente a avaliación de riscos psicosociais**.

